

Asunto: Aclaración sobre o alcance dos temas 12 e 29 do programa do proceso selectivo para o ingreso, polo sistema de promoción interna, na escala técnica, técnico/a de laboratorio, subescala de química, subgrupo B

En relación coa consulta remitida a este Tribunal cualificador polo Servizo de PTXAS da Universidade da Coruña, recibida o pasado 18 de xuño, e unha vez analizadas as cuestións formuladas, o Tribunal, reunido para o efecto, acordou trasladar as seguintes aclaracións:

Primeiro. Tema 12

En relación coa consulta formulada sobre o alcance do contido do tema 12, «Plan de medidas antifraude da UDC (aprobado polo Consello de Goberno o 25 de xaneiro de 2022). Código ético e principios éticos da UDC: artigos 73 e 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG)», o Tribunal considera que, tal e como se desprende do propio escrito remitido, o contido obxecto de avaliación debe cingirse aos artigos 73 e 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Segundo. Tema 29

En relación coa consulta formulada sobre o alcance do tema 29, «Fundamentos básicos de técnicas analíticas clásicas: microbiolóxicas, fisicoquímicas, espectrometrías infravermella, visible e ultravioleta, por inxección de fluxo, cromatografía líquida e de gases, ICP, espectrometría de masas e PCR en tempo real», cómpre sinalar, en primeiro lugar, que o propio enunciado fai referencia expresamente aos fundamentos básicos das distintas técnicas.

Aínda que se trata dun epígrafe de carácter amplo, que engloba un número considerable de técnicas analíticas, o contido do programa debe interpretarse atendendo ao contexto do proceso selectivo e ao nivel da escala e da categoría profesional obxecto da convocatoria.

En consecuencia, o grao de profundidade esixible nas posibles preguntas deberá estar necesariamente adaptado ao devandito nivel, sen que poida deducirse que se formularán cuestións relativas a desenvolvementos teóricos de elevada especialización ou propios dunha formación universitaria específica en cada unha das técnicas mencionadas.

Polo tanto, o feito de que o epígrafe reúna diversas metodoloxías analíticas non implica que se pretenda avaliar un coñecemento experto de todas elas, senón o dominio dos seus principios fundamentais, da súa finalidade e das súas aplicacións xerais, de acordo co nivel de coñecementos propio do proceso selectivo.

Finalmente, no que respecta á expresión «técnicas fisicoquímicas», debe sinalarse que se trata dunha denominación de carácter xeral, empregada para englobar un conxunto de operacións e procedementos básicos de laboratorio de uso habitual, sen que faga referencia a unha técnica analítica concreta nin a unha relación pechada de métodos.

O que se comunica para os efectos oportunos.

Na Coruña, asinado polo presidente do tribunal na data da sinatura dixital.

SERVIZO DE PTXAS

Código Seguro De Verificación	w+0ZuT+0Mlzc0umNirpKlg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Técnica/o coordinador/a da unidade de análise estrutural - Servizos de Apoio á Investigación (SAI) - Vicerreitoría de Investigación e Transferencia - Alberto Núñez Cardezo	Asinado	20/07/2026 11:11:14
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/w%2B0ZuT%2B0Mlzc0umNirpKlg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

